

## XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

A finalidade esencial da presente proposta de modificación é a de actualizar a relación de postos de traballo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, creando postos de traballo alí onde é preciso e suprimindo aqueles que se consideran prescindibles atendendo ás rateos establecidas e as novas necesidades que van xurdindo co paso do tempo e, en todo caso, sen que se produza unha diminución da calidade na prestación do servizo público.

Por outra banda, modifícase algúns posto de traballo para axeitalo á realidade actual.

O esquema expositivo seguido nesta memoria será o seguinte:

### 1. CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

- 1.1 Centros da Provincia da Coruña
- 1.2 Centros da Provincia de Lugo
- 1.3 Centros da Provincia de Ourense
- 1.4 Centros da Provincia de Pontevedra
- 1.5 Secretaría Xeral de Universidades

### 2. AMORTIZACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

- 2.1 Centros da Provincia da Coruña
- 2.2 Centros da Provincia de Lugo
- 2.3 Centros da Provincia de Ourense
- 2.4 Centros da Provincia de Pontevedra
- 2.5 Secretaría Xeral de Universidades

### 3. MODIFICACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

- 3.1 Modificacións de postos de traballo.

## 1. CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Os postos que se crean están ordenados para efectos didácticos pola orde alfabetica do nome do Concello onde se produce a creación pero sempre comezando polo nome do Concello que é capital de Provincia. De crearse varios postos no mesmo centro de diferentes categorías, ordenaranse por grupos comezando polos máis altos e, a igual grupo, por orde de categoría segundo convenio. A orde dos códigos pode non coincidir coa que se acaba de describir. Por outra banda, inclúese no punto 5.1 as creación dun posto na Secretaría Xeral de Universidades.

### 1.1. XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

#### 1.1.2. CENTROS DA PROVINCIA DA CORUÑA

##### 1.1.2.1 A Coruña

###### 1.1.2.1.1 Aulas de Educación Especial en Centros Públicos da Provincia da Coruña

1.1.2.1.1 Créanse **6** postos de traballo denominados “**Coidador/a auxiliar**”, abertos para aúa cobertura por persoal laboral do grupo IV categoría 4, con plus de especial dedicación B14, plus de penosidade B18, carácter itinerante e con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008. Son os comprendidos entre o código **ED.C99.40.114.15001.318** e o



**ED.C99.40.114.15001.323.** Algúns destes postos xa foron dotados de persoal ao longo deste curso académico co obxecto de atender aos alumnos con necesidades educativas especiais que se foron escolarizando nos centros ordinarios que imparten as diferentes etapas de ensinanzas non universitarias, en aplicación do que establece o artigo 74 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro.

### 1.1.2.2 Ferrol

#### 1.2.2.2.1 CIFP Leixa

Créase un posto de traballo denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.202.15350.003**. O centro conta cun total de 1077 alumnos/as no curso académico 2023/24, quedando dotado de 3 postos desta categoría segundo as rateos establecidas.

### 1.1.2.3 Sada

#### 1.1.2.3.1 IES Isaac Díaz Pardo

Créase un posto de traballo denominado “**subalterno/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal subalterno da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia AP, nivel 10, horario especial, con código **ED.C99.40.301.15740.003**. Esta creación acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O centro conta con 558 alumnos/as e nocturno. Con esta creación o centro quedaría dotado con 3 postos de persoal subalterno/a.

### 1.1.2.4 Santiago de Compostela

#### 1.1.2.4.1 Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)

Créase un posto de traballo denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con xornada partida, con código **ED.C99.40.050.15770.002**. Polas características deste centro é necesario crear un segundo posto de auxiliar administrativo/a, quedando dotado de 2 postos deste categoría.

## 1.2 XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

### 1.2 CENTROS DA PROVINCIA DE LUGO

#### 1.2.1 Lugo

##### 1.2.1.1 Aulas de Educación Especial en Centros Públicos da Provincia de Lugo

1.2.1.1.1 Créanse **3 postos** de traballo denominados “**Coidador/a auxiliar**”, abertos para a súa cobertura por persoal laboral do grupo IV categoría 4, con plus de especial dedicación B14, plus de penosidade B18, carácter itinerante e con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008. Son os correspondentes entre os códigos **ED.C99.40.101.27001.120** e **ED.C99.40.101.27001.122**. É necesario crear estes postos, de acordo cos informes da inspección educativa para atender a diferentes alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que se foron escolarizando nos centros ordinarios que imparten as diferentes etapas de ensinanzas non universitarias, en aplicación do que establece o artigo 74 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro.



1.2.1.1.2 Créase 1 posto de traballo denominado “**Enfermeiro/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo A2, nivel 18, da Administración Especial (ESC. TÉCNICOS FACULTATIVOS - ESP. ENFERMARÍA), con carácter itinerante. É o correspondente ao código **ED.C99.40.101.27001.203**. A xustificación da súa creación vén dada necesidade de atención sanitaria a alumnos con necesidades educativas especiais que foron escolarizados nos centros ordinarios da provincia que imparten as diferentes etapas de ensinanzas non universitarias, en aplicación do que establece o artigo 74 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro.

#### 1.2.1.2 CIFP As Mercedes

Créase 1 posto de traballo denominado “**Limpador/a**” a media xornada, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código **ED.C99.40.201.27001.012**. É necesaria esta creación para atender as necesidades de limpeza deste centro motivadas polo aumento de metros cadrados que se dedican a distintas actividades do alumnado, quedando dotado con catro postos desta categoría a xornada completa e un máis a media xornada.

#### 1.2.1.3 CIFP Politécnico

Créase 1 posto de traballo denominado “**Limpador/a**” a media xornada, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código **ED.C99.40.203.27001.016**. É necesaria esta creación para atender as necesidades de limpeza deste centro motivadas polas necesidades que xeran a nova implantación de ciclos da rama sanitaria neste centro, quedando dotado con cinco postos desta categoría a xornada completa e un máis a media xornada.

#### 1.2.1.3 IES Sanxillao

Créase 1 posto de traballo denominado “**Empregado/a cociña-pinche**” aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código **ED.C99.40.306.27001.048**. É necesaria esta creación para atender as novas necesidades do centro debido a ampliación das instalacións, que inclúen unha nova cociña con departamento de panadería e pastelería e un novo office separado para fregar, situados en locais distintos. Quedando dotado con 4 postos destas características.

### **1.2.2. Vilalba**

#### 1.2.2.1 CEIP Manuel Mato Vizoso

Créase un posto de traballo denominado “Axudante de cociña” aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008, e con código ED.C99.40.101.27640.003, para atender a carga de traballo no comedor escolar debido ás características propias do comedor deste centro, ao estar as instalacións da cociña nun andar distinto ao comedor, o que xera unha maior carga de traballo para os traballadores, así pasaría a contar cun oficial de 2ª de cociña e tres axudantes de cociña (na RPT vixente conta con 1 oficial 2ª de cociña e dous axudantes de cociña).



## 1.3. XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

### 1.3 CENTROS DA PROVINCIA DE OURENSE

#### 1.3.1 Ourense

##### 1.3.1.1 Aulas de Educación Especial en Centros Públicos da Provincia de Ourense

1.3.1.1.1. Créanse **3 postos** de traballo denominados “**Coidador/a auxiliar**”, abertos para a súa cobertura por persoal laboral do grupo IV categoría 4, con plus de especial dedicación B14, plus de penosidade B18, carácter itinerante e con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008. Son os correspondentes entre os códigos **ED.C99.40.101.32001.102** e **ED.C99.40.101.32001.104**. Algúns destes postos foron dotados de persoal ao longo deste curso académico co obxecto de atender aos alumnos con necesidades educativas especiais que se foron escolarizando nos centros ordinarios que imparten as diferentes etapas de ensinanzas non universitarias, en aplicación do que establece o artigo 74 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro.

##### 1.3.1.2 CIFP Portovello

Créase un posto de traballo denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.203.32001.003**. O centro conta cun total de 1.373 alumnos/as no curso académico 2023/24, quedando dotado de 3 postos desta categoría segundo as rateos establecidas.

##### 1.3.1.3 IES Xesús Ferro Couselo

Créanse 1 posto de traballo denominado “**Limpador/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código **ED.C99.40.305.32001.008**. É necesaria esta creación en virtude dos informes da inspección educativa para atender as necesidades de limpeza deste centro motivadas polas obras de ampliación do centro. Este centro actualmente conta cun total de 4031 metros cadrados e ten 2 postos desta categoría, coa ampliación que supón uns 1000 metros a maiores, quedaría dotado con 3 postos desta categoría a xornada completa..

#### 1.3.2 Verín

##### 1.3.2.1 IES Castro de Baronceli

Créase un posto de traballo denominado “**Axudante de cociña**” aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008, e con código **ED.C99.40.302.32840.019**, para atender o aumento da carga de traballo no comedor escolar debido ao incremento no número de comensais a 163, de acordo coas rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadre de persoal laboral co que contarán os centros, de acordo co tipo de comedor C, o que esixe unha dotación dun oficial de 2ª de cociña e dous axudantes de cociña (na RPT vixente conta con 1 oficial 2ª de cociña e un axudante de cociña)



## 1.4. XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

### 1.4.1 CENTROS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

#### 1.4.1.1 Pontevedra

##### 1.4.1.1.1 Aulas de Educación Especial en Centros Públicos da Provincia de Pontevedra

Créanse 4 postos de traballo denominados “**Coidador/a auxiliar**”, abertos para a súa cobertura por persoal laboral do grupo IV categoría 4, con plus de especial dedicación B14, plus de penosidade B18, carácter itinerante e con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008. Son os correspondentes entre os códigos **ED.C99.40.102.36001.276** e **ED.C99.40.102.36001.279**. Algúns destes postos xa foron dotados de persoal ao longo deste curso académico co obxecto de atender aos alumnos con necesidades educativas especiais que se foron escolarizando nos centros ordinarios que imparten as diferentes etapas de ensinanzas non universitarias, en aplicación do que establece o artigo 74 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro.

#### 1.4.1.2 Redondela

##### 1.4.1.2.1 IES Chapela

Créase un posto de traballo denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.301.36440.008**. O centro conta cun total de 1.099 alumnos/as no curso académico 2023/24, quedando dotado de 3 postos desta categoría segundo as rateos establecidas.

#### 1.4.1.3 Vigo

##### 1.4.1.3.1 Centro de Formación e Recursos

Créase 1 posto de traballo denominados “**Limpador/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código **ED.C99.40.050.36560.004**. É necesaria esta creación para atender as necesidades de limpeza deste centro motivadas polo traslado das instalacións dun edificio propiedade do Concello de Vigo, a unhas novas instalacións da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que a limpeza do centro é competencia directa da administración autonómica, quedando dotado dun posto desta categoría a xornada completa.

##### 1.4.1.3.2 IES A Guía

Créase 1 posto de traballo denominado “**Limpador/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código **ED.C99.40.302.36560.012**. É necesaria esta creación para atender as novas necesidades de limpeza deste centro motivadas pola reforma dun andar do centro para dedicar a novos vestiarios e aulas. Quedando dotado con catro postos desta categoría a xornada completa.

#### 1.4.1.4 Vilagarcía de Arousa

Créase un posto de traballo denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.501.36590.002**. É necesaria esta creación para asimilar o persoal ao resto das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma galega.



## 1.5 SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

### 1.5.1 Secretaría xeral de Universidades

Créase 1 posto de traballo denominado “**xefatura sección de supervisión e xestión do Sistema Universitario de Galicia**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo A1-A2-C1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 25, con código **ED.401.00.000.15770.017**. É necesaria esta creación para atender as novas necesidades que require a Secretaría Xeral de Universidades, xustificadas no incremento anual do orzamento no marco do Plan Galego de Financiamento Universitario, do incremento da xestión de fondos europeos, da ampliación do SUG e dos novos convenios; esta xefatura de sección dependerá do servizo de financiamento do sistema universitario.

## 2. AMORTIZACIÓN DE POTOS DE TRABALLO

Ao igual que nas creacións, os postos que se suprinen están ordenados para efectos didácticos pola orde alfabética do nome do Concello onde se produce a amortización pero sempre comezando polo nome do Concello que é capital de Provincia. Por outra banda, inclúense no punto 2.5 amortizaciós de postos na Secretaría Xeral de Universidades.

### 2.1. XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

#### 2.1.1. A Coruña

##### 2.1.1.1 CEE María Mariño

Suprímese un posto denominado “**Educador/a**”, a media xornada, aberto para a súa cobertura por persoal laboral do grupo II, categoría 6, con plus de penosidade B18, con código **ED.C99.40.901.15001.007**. A supresión acomódase ás necesidades existentes na actualidade neste centro educativo. Este posto está vacante dende o 11/09/2023. Con esta supresión o centro quedaría dotado con dous postos destas características.

##### 2.1.1.2 IES Monte das Moas

Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcional do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.308.15001.001**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 17.03.2023. O centro conta con 560 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado cun posto de Auxiliar Administrativo/a.

#### 2.1.2. Cedeira

##### 2.1.2.1 IES Punta Candieira

Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcional do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.301.15220.001**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 29.11.2010. O centro conta con 438 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado cun posto de Auxiliar Administrativo/a.

#### 2.1.3 Culleredo

##### 2.1.3.1 Centro Residencial docente (Culleredo)



2.1.3.1.1 Suprímese un posto denominado “**Médico/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo A1 da Escala especial (esc. facultativos - esp. medicina) ESS1, nivel 24, con código **ED.C99.40.801.15300.015**. A supresión acomódase ás novas necesidades destes centros residenciais docentes, onde xa non se considera necesaria a estes efectos o mantemento dun posto de Médico/a. O posto está vacante dende o 18.05.2023.

2.1.3.1.12 Suprímese un posto denominado “**Servizo Doméstico**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código **ED.C99.40.801.15300.054**. O posto está vacante dende o 04.04.2019. A supresión acomódase ás novas necesidades destes centros residenciais docentes, quedando dotado con 17 postos destas características.

## 2.1.4 Fene

### 2.1.4.1 IES de Fene

Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.301.15340.003**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 29.05.2023. O centro conta con 443 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado con dous postos de Auxiliar Administrativo/a.

## 2.1.5 Ferrol

### 2.1.5.1 CEE Terra de Ferrol

2..1.5.1.1 Suprímese un posto denominado “**Traballador/a Social**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo A2 da Escala especial (esc. técnicos facultativos - esp. traballo social) EMS5, nivel 18, con código **ED.C99.40.901.15350.020**. A supresión acomódase ás novas necesidades destes centros residenciais docentes, onde xa non se considera necesaria a estes efectos o mantemento dun posto de traballador/a social, xa que era o única que existía en todos os centros da Comunidade autónoma Galega. O posto está vacante dende o 30.01.2022.

2..1.5.1.2 Suprímese un posto denominado “**coidador/a auxiliar**”, persoal laboral do grupo IV categoría 4, con complemento salarial de singularidade de especial dedicación B14, e con complemento salarial de singularidade por penosidade B18, con código **ED.C99.40.901.15350.168**. A supresión acomódase ás necesidades existentes na actualidade neste centro educativo. Este posto está vacante dende o 13.04.2018. Con esta supresión o centro quedaría dotado con vinte e tres postos de persoal coidador/a auxiliar.

2..1.5.1.3 Suprímese un posto denominado “**coidador/a auxiliar**”, persoal laboral do grupo IV categoría 4, con complemento salarial de singularidade por penosidade B18, e nocturnidade, con código **ED.C99.40.901.15350.188**. A supresión acomódase ás necesidades existentes na actualidade neste centro educativo. Este posto está vacante dende o 30.06.2019. Con esta supresión o centro quedaría dotado con vinte e tres postos de persoal coidador/a auxiliar.

2.1.5.1.4 Suprímese un posto denominado “**Pasador/a de ferro-Lavandeiro/a**”, persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 12, con horario especial (quentas), e con código **ED.C99.40.901.15350.226**. Este posto está vacante dende o 14.01.2018. A supresión acomódase ás



necesidades existentes na actualidade neste centro educativo. Con esta supresión o centro quedaría dotado cun posto destas características.

2.1.5.1.5 Suprímese un posto denominado “**Axudante/a de Cociña**”, persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 12, con horario especial (quentas), e con código **ED.C99.40.901.15350.211**. Este posto está vacante dende o 30.10.2023. A supresión acomódase ás necesidades existentes na actualidade neste centro educativo. Con esta supresión o centro quedaría dotado con catro postos destas características.

## 2.1.6 Sada

### 2.1.6.1 IES O Mosteirón

Suprímese un posto denominado “**Administrador/a Centro docente**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo A1-A2-C1 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 22, con código **ED.C99.40.302.15740.001**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 12.11.2023 por xubilación do seu titular. O centro conta con 160 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado cun posto de Xefatura de negociado.

## 2.2. XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

### 2.2.1 Lugo.

#### 2.2.1.1 Xefatura Territorial de Lugo

Suprímense **catro postos** denominados “**Auxiliar Administrativo**” subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 12, con códigos **ED.C99.10.000.27001.006; ED.C99.10.000.27001.008; ED.C99.10.000.27001.009; e ED.C99.10.000.27001.012**. Todos estes postos están vacantes. A supresión acomódase ás necesidades actuais da Xefatura Territorial de Lugo; o desenvolvemento de aplicacións informáticas de tratamentos de datos reduciu a necesidade de contar con tanto persoal destas características dentro deste centro directivo; ao existir novas necesidades noutros centros directivos fai que sexa necesario fazer unha redistribución para atender esas novas necesidades e así poder ofrecer uns servizos de calidade aos administrados.

### 2.2.2 Begonte.

#### 2.2.2.1 CEIP Baamonde

Suprímese un posto denominado “**Oficial 2ª Cociña**”, aberto para a súa cobertura por persoal laboral do grupo IV, categoría 005, con código **ED.C99.40.102.27070.001**.

A supresión xustifícase en que mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial, o CEIP Baamonde de Begonte integrouse no CEIP Virxe do Corpiño do mesmo concello. Como no centro CEIP Virxe do Corpiño non existía necesidade de máis persoal destas características segundo as rateos establecidas, por parte da Xefatura Territorial de Lugo acordouse con conformidade do traballador que este prestase servizo no CEIP Manuel Mato Vizoso, no concello de Vilalba. Neste momento non é necesario contar con dous postos de oficial 2ª de cociña no centro, polo que procede a amortización do citado posto, código **ED.C99.40.102.27070.001**; a traballadora que ten este posto reservado atopase en Adscrición temporal noutro posto vacante das mesmas características, e manifestou por escrito a súa conformidade á amortización do posto.



## 2.2.3 Sarria

### 2.2.3.1. CEIP Frei Luís de Granada

Suprímese un posto denominado “**axudante de cociña**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con xornada irregular segundo o acordo do comité intercentros de data 10/06/2008, e con código **ED.C99.40.102.27560.004**. O posto está vacante dende o 18.05.2021. O motivo da supresión é a acomodación do cadro de persoal ás rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadro de persoal laboral co que contarán os centros, de acordo co tipo de comedor tipo D, o que esixe unha dotación dun oficial 2.º de cociña e tres axudante de cociña. O número de comensais deste centro é de 311.

## 2.3. XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

### 2.3.1 Ourense

#### 2.3.1.1 Equipo de Orientación específico da provincia de Ourense

Suprímese un posto denominado “**Traballador/a Social**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo A2 da Escala especial (esc. técnicos facultativos - esp. traballo social) EMS5, nivel 18, con código **ED.C99.40.701.32001.007**. A supresión acomódase ás novas necesidades, onde xa non se considera necesaria a estes efectos o mantemento dun posto de traballador/a social no equipo de orientación específico das xefaturas territoriais. Na vixente relación de postos de traballo xa tiña engadida a observación de amortizar cando fora vacante, e este posto está vacante dende o 13.04.2022.

### 2.3.2 O Barco de Valdeorras

#### 2.3.2.1 IES Laura Olmo

Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.201.32090.002**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 30.09.2018. O centro conta con 506 alumnos/as. Por outra banda o centro de formación e recursos do Barco de Valdeorras pasou a compartir as mesmas instalacións co IES Laura Olmo, por esta razón o posto de auxiliar administrativo do centro de formación e recursos pasa a depender do IES Laura Olmo coa observación en RPT “Comparte con Centro de Formación e recursos (O Barco de Valdeorras). Con esta supresión o centro quedaría dotado con dous postos de Auxiliar Administrativo/a.

### 2.3.4 Ribadavia

#### 2.3.4.1 IES O Ribeiro

Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.301.32680.003**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante dende o 11.03.2023. O centro conta con 490 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado cun posto de Auxiliar Administrativo/a.

## 2.4 XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

### 2.4.1 Pontevedra

#### 2.4.1.1 IES Gonzalo Torrente Ballester



Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.305.36001.001**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante desde o 15.06.2023. O centro conta con 519 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado cun posto de Auxiliar Administrativo/a.

## 2.4.2 Ponteareas

### 2.4.2.1 CIFP A Granxa

Suprímese un posto denominado “**Oficial 2ª Cociña**”, aberto para a súa cobertura por persoal laboral do grupo IV, categoría 005, con código **ED.C99.40.201.36420.019**. Este posto está vacante desde o 01.02.2019. O motivo da supresión é a acomodación do cadro de persoal ás rateos establecidas na Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar (DOG do 5 de marzo), que determina no seu artigo 5º o cadro de persoal laboral co que contarán os centros. Con esta supresión o centro queda dotado cun posto de Oficial 2ª Cociña, cun posto de Oficial 1ª Cociña e cun posto de axudante de cociña.

## 2.4.3 Nigrán

### 2.4.3.1 CEE de Panxón

Suprímese un posto denominado “**coidador/a**”, persoal laboral do grupo III, categoría 99, con complemento salarial de singularidade por perigosidade B10; especial dedicación B14; nocturnidade B16, e penosidade B18, con código **ED.C99.40.901.36350.028**. A supresión acomódase ás necesidades existentes na actualidade neste centro educativo. Este posto está vacante desde o 20.05.2020. Con esta supresión o centro quedaría dotado con sete postos de persoal coidador/a, para un total de 15 alumnos/as.

## 2.4.4 Vigo

### 2.4.4.1 IES Os Rosais 2

Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.310.36560.003**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante desde o 12.02.2022. O centro conta con 511 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado cun posto de Auxiliar Administrativo/a.

### 2.4.4.2 San Tomé de Freixeiro

Suprímese un posto denominado “**Auxiliar Administrativo/a**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 14, con código **ED.C99.40.303.36560.005**. A supresión acomódase ás rateos establecidas na Circular do 6 de xuño de 1994. O posto está vacante desde o 12.02.2022. O centro conta con 781 alumnos/as. Con esta supresión o centro quedaría dotado con dous posto de Auxiliar Administrativo/a.

## 2.5 SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

### 2.5.1 Subdirección Xeral de Universidades



Suprímese un posto denominado “**secretario/a do/a subdirector/a xeral**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C1-C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 16, con código **ED.401.00.001.15770.002**. A supresión xustifícase pola ausencia de carga de traballo para este posto en relación ás funcións que ten atribuída esta subdirección xeral. O posto está vacante.

#### 2.5.2 Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria

Suprímese un posto denominado “**secretario/a do/a subdirector/a xeral**”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario do subgrupo C1-C2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nivel 16, con código **ED.401.00.002.15770.002**. A supresión xustifícase pola ausencia de carga de traballo para este posto en relación ás funcións que ten atribuída esta subdirección xeral. O posto está vacante dende o 06.06.2022.

### 3 MODIFICACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO

Modificación do posto de traballo polos motivos que se indica:

3.1. Auxiliar Administrativo/a do Centro de Formación e Recursos do Barco de Valdeorras; comparten instalacións co IES Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.

De conformidade co informe do xefe da Inspección Educativa de Ourense de data 16.10.2023 onde se sinala que:

*“O Centro de Formación e Recursos (CFR) de Ourense conta cunha sección delegada no Barco de Valdeorras, cuxos servizos teñen sido recentemente trasladados ao IES Lauro Olmo. Tendo en conta que o auxiliar administrativo do CFR desenvolverá as súas tarefas no IES Lauro Olmo, onde o CFR está ubicado actualmente. (...) Considerando que, dado o volume de traballo administrativo do IES, o persoal administrativo do CFR non só colaborará nestas tarefas, senón que representarán o núcleo principal do seu traballo.*

*infórmase favorablemente á modificación da praza de auxiliar administrativo do Centro de Formación e Recursos na Relación de Postos de Traballo de Función Pública, de maneira que figure como centro base o IES Lauro Olmo (onde se desenvolve a súa actividade e ao que corresponde o seu principal traballo) e que o CFR figure como o centro no que completa o seu horario.”*

Así para dar cumprimento á realidade funcional existente proponse modificar o posto de traballo denominado “**Auxiliar Administrativo/a**” dependente do Centro de Formación e Recursos (O Barco de Valdeorras); con código **ED.C99.40.050.32090.001**, para que pase a depender do IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras), ao compartir as mesmas instalacións; indicando en observacións que “Compartirá co Centro de Formación e Recursos do Barco de Valdeorras., así implica que cambie a súa codificación orixinaria pola nova con código **ED.C99.40.201.32090.003** mantendo o resto das súas características en engadindo a observación “Comparte con CFR O Barco de Valdeorras”.

### RATEOS PERSOAL NON DOCENTE FUNCIONARIO

Circular 1/1994, da antes denominada Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

As rateos nos centros de educación secundaria, FP, e ensinanzas artísticas e musicais son as seguintes:



Auxiliares administrativos (Nivel 14):

1 auxiliar administrativo por cada 400 alumnos matriculados

1 auxiliar administrativo más por fracción superior ao 50% que exceda (>200 alumnos sobrantes)

1 xefe de secretaría (nivel 18) nos centros que teñan unha matrícula superior aos 1000 alumnos.

Subalternos (Nivel 10):

1 subalterno por cada 350 alumnos matriculados

1 subalterno más por cada fracción superior ao 50% que exceda (>175 alumnos sobrantes)

1 subalterno más nos centros nos que exista horario nocturno e/ou ensinanzas de adultos.

#### RATEOS PERSOAL NON DOCENTE LABORAL/LIMPEZA

Circular 1/1994, da antes denominada Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

En cada Centro haberá un limpador/a a xornada completa por cada 1800 metros<sup>2</sup> e un limpador/a a media xornada por cada 900 metros<sup>2</sup>. As ditas cifras seránllles de aplicación o referido ás fraccións superiores ao 50% das mesmas.

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

## XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL COMPLEMENTARIA

A finalidade da presente memoria funcional complementaria é a de facer unha corrección puntual da Xustificación funcional complementaria de data 12.01.2024.

Así, co obxectivo de mellorar a calidade do servizo público, proponse realizar unha corrección no senso de modificar o apartado 1.2.1.2 e o apartado 1.2.1.2; nestes dous apartados propoñíase a creación de dous postos de traballo a media xornada “Limpador/a a media xornada”, un no CIFP As Mercedes e outro no CIFP Politécnico, os dous na cidade de Lugo.

Para dar un servizo de máis calidade e observando que os dous postos que se propoñen crear a media xornada teñen as mesmas características e que se crearían en dous centros próximos dentro do casco urbano da cidade de Lugo, proponse crear un único posto destas características a xornada completa no centro CIFP As Mercedes, e que comparta a metade da súa xornada co CIFP Politécnico.

Así, na xustificación funcional, **onde di:**

**“1.2.1.2 CIFP As Mercedes”**

*Créase 1 posto de traballo denominado “Limpador/a” a media xornada, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código ED.C99.40.201.27001.012. É necesaria esta creación para atender as necesidades de limpeza deste centro motivadas polo aumento de metros cadrados que se dedican a distintas actividades do alumnado, quedando dotado con catro postos desta categoría a xornada completa e un máis a media xornada.*

**1.2.1.3 CIFP Politécnico**

*Créase 1 posto de traballo denominado “Limpador/a” a media xornada, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código ED.C99.40.203.27001.016. É necesaria esta creación para atender as necesidades de limpeza deste centro motivadas polas necesidades que xeran a nova implantación de ciclos da rama sanitaria neste centro, quedando dotado con cinco postos desta categoría a xornada completa e un máis a media xornada.”*

**Debe decir:**

**“1.2.1.2 CIFP As Mercedes”**

*Créase 1 posto de traballo denominado “Limpador/a”, aberto para a súa cobertura por persoal funcionario da Agrupación Profesional de persoal da escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de limpeza e cociña (209R), nivel 10, con código ED.C99.40.201.27001.012. Coa seguinte **observación** “**Comparte a metade da xornada co CIFP Politécnico**”. É necesaria esta creación para atender as necesidades de limpeza do centro motivadas polo aumento de metros cadrados que se dedican a distintas actividades do alumnado. Por outra banda é preciso que este posto comparta co CIFP Politécnico para apoiar ao resto do persoal nas necesidades que xeran a nova implantación de ciclos da rama sanitaria.”*

O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Jesús Manuel Álvarez Bértolo



**d      9B    dP      9B    ZB      Z9/PBP9      ZB      d    BP9      Zd      Zd      BÓB      ZB**  
**P      d    d ,B P      B    dZ    PBP9      v      BP9      vd    9    B    d      9 d    9BZd**

P                 b                 m

=

=

P \_\_\_\_\_

C

n

**B      9 BP9**

**9 P**

código	denominación	CENTRO	LIÑA	TIPO	GRUPO	NIVEL / CAT	CUSTE 2024
ED.C99.40.901.15001.007	EDUCADOR/A (1/2 XORNADA)	CEE MARÍA MARIÑO (A CORUÑA)	866	L	II	6	19515,58
ED.C99.40.308.15001.001	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES "MONTE DAS MOAS" (A CORUÑA)	917	F	C2	14	28479,00
ED.C99.40.301.15220.001	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES "PUNTA CANDIEIRA" (CEDEIRA)	917	F	C2	14	28479,00
ED.C99.40.801.15300.015	MÉDICO/A (TIT. SUPERIOR MÉDICO)	CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE (CULLEREDO)	922	F	A1	24	51122,04
ED.C99.40.801.15300.054	SERVIZO DOMÉSTICO	CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE (CULLEREDO)	5521	F	AP	10	25079,84
ED.C99.40.301.15340.003	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES DE FENE	917	F	C2	14	28479,00
ED.C99.40.901.15350.020	TRABALLADOR/A SOCIAL	CEE TERRA DE FERROL	5173	F	A2	18	38046,07
ED.C99.40.901.15350.168	COIDADOR/A AUXILIAR	CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	9720	L	IV	4	27997,21
ED.C99.40.901.15350.188	COIDADOR/A AUXILIAR	CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	9720	L	IV	4	27997,21

Xt bPPt = b C. Xb Pb=      b    bP      q - C=       
 P              C              P              P



ED.C99.40.901.15350.226	PASADOR/A DE FERROL- LAVANDEIRO/A	CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	803	F	AP	<b>12</b>	26316,32
ED.C99.40.901.15350.211	AXUDANTE/A DE COCIÑA	CEE "TERRA DE FERROL" (FERROL)	5527	F	AP	<b>12</b>	26523,68
ED.C99.40.302.15740.001	ADMINISTRADOR/A CENTRO DOCENTE	IES "O MOSTEIRÓN" (SADA)	4444	F	A1-A2- C1	<b>22</b>	46646,53
ED.C99.10.000.27001.006	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO (LUGO)	709	F	C2	<b>12</b>	27088,16
ED.C99.10.000.27001.008	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO (LUGO)	709	F	C2	<b>12</b>	27088,16
ED.C99.10.000.27001.009	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO (LUGO)	709	F	C2	<b>12</b>	27088,16
ED.C99.10.000.27001.012	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO (LUGO)	709	F	C2	<b>12</b>	27088,16
ED.C99.40.102.27070.001	OFICIAL 2 COCIÑA	CEIP BAAMONDE (BEGONTE)	970	L	IV	<b>5</b>	26555,90
ED.C99.40.102.27560.004	AXUDANTE/A DE COCIÑA	CEIP "FREI LUIS DE GRANADA" (SARRIA)	973	F	AP	<b>10</b>	24107,60
ED.C99.40.701.32001.007	TRABALLADOR/A SOCIAL (ASISTENTE SOC)	EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO OURENSE	770	F	A2	<b>18</b>	37151,47
ED.C99.40.201.32090.002	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES "LAURO OLMO" (O BARCO DE VALDEORRAS)	917	F	C2	<b>14</b>	28479,00
ED.C99.40.301.32680.003	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES "O RIBEIRO" (RIBADAVIA)	917	F	C2	<b>14</b>	28479,00
ED.C99.40.305.36001.001	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES "GONZALO TORRENTE BALLESTER" (PONTEVEDRA)	917	F	C2	<b>14</b>	28479,00
ED.C99.40.201.36420.019	OFICIAL 2 COCIÑA	CIFP "A GRANXA" (PONTEAREAS)	787	L	IV	<b>5</b>	27323,32
ED.C99.40.901.36350.028	COIDADOR/A	CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)	3	L	III	<b>99</b>	34314,30
ED.C99.40.310.36560.003	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES "OS ROSAIS 2" (VIGO)	917	F	C2	<b>14</b>	28479,00
ED.C99.40.303.36560.005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES "SAN TOMÉ DE FREIXEIRO" (VIGO)	917	F	C2	<b>14</b>	28479,00
ED.401.00.001.15770.002	SECRETARIO/A DO SUBD. XERAL	SX DE UNIVERSIDADES	705	F	C1-C2	<b>16</b>	29869,47
ED.401.00.002.15770.002	SECRETARIO/A DO SUBD. XERAL	SX DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA UNIVERS	705	F	C1-C2	<b>16</b>	29869,47

**B    B                  9 BP9**
**P    dB9              d    Z              BP9**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CENTRO	Liña	Tipo	Grupo	Nivel/Cat	CUSTE 2024
ED.C99.40.114.15001.318	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.114.15001.319	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.114.15001.320	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.114.15001.321	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.114.15001.322	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.114.15001.323	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (A CORUÑA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.202.15350.003	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	CIFP LEIXA	917	F	C2	<b>14</b>	28.479,00
ED.C99.40.301.15740.003	SUBALTERNO/A	IES ISAAC DÍAZ PARDO (SADA)	919	F	AP	<b>10</b>	26.597,22
ED.C99.40.050.15770.002	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	CENTRO AUTONÓMICO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN (CAFI)	917	F	C2	<b>14</b>	28.479,00

$$Xt \ bPPt = b \ C. \ Xb Pb = b \ bP \quad q - C = \\ P \qquad C \qquad P \qquad P$$



ED.C99.40.101.27001.120	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.101.27001.121	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.101.27001.122	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.101.27001.203	ENFERMEIRO/A	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (LUGO)	5159	F	A2	<b>4</b>	39.039,51
ED.C99.40.306.27001.048	EMPREGADO/A COCIÑA-PINCHE	IES SANXILLAO (LUGO)	5529	F	AP	<b>10</b>	25.079,84
ED.C99.40.101.27640.005	AXUDANTE DE COCIÑA	CEIP MANUEL MATO VIZOSO (VILALBA)	5522	F	AP	<b>10</b>	25.079,84
ED.C99.40.101.32001.102	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (OURENSE)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.101.32001.103	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (OURENSE)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.101.32001.104	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (OURENSE)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.203.32001.003	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	CIFP PORTOVELLO	917	F	C2	<b>14</b>	28.479,00
ED.C99.40.302.32840.019	AXUDANTE DE COCIÑA	IES CASTRO DE BARONCEL (VERÍN)	5522	F	AP	<b>10</b>	25.079,84
ED.C99.40.102.36001.276	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.102.36001.277	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.102.36001.278	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.102.36001.279	COIDADOR/A AUXILIAR	AULAS E.E. CENTRO PÚBLICO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	785	L	IV	<b>4</b>	28.764,61
ED.C99.40.301.36440.008	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IES CHAPELA (REDONDELA)	917	F	C2	<b>14</b>	28.479,00
ED.C99.40.050.36560.004	LIMPADOR/A	CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS (VIGO)	5520	F	AP	<b>10</b>	25.079,84
ED.C99.40.501.36590.002	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA	917	F	C2	<b>14</b>	28.479,00
ED.401.00.000.15770.017	X. SECCIÓN de supervisión e xestión do SUG	SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	2219	F	A2	<b>25</b>	53.710,39

**B P dB9 d Z BP9**

b . CX C- t CPt = P bCPt = b= X CPt =   d B 9

**P dB9 P Z BP9 B d B 9**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CENTRO	liña	tipo	grupo
ED.C99.40.201.27001.012	LIMPADOR 1/2 XORNADA	CIFP AS MERCEDES (LUGO)	5574	F	AP
ED.C99.40.203.27001.016	LIMPADOR 1/2 XORNADA	CIFP POLITÉCNICO (LUGO)	5574	F	AP
ED.C99.40.305.32001.008	LIMPADOR/A	IES XESÚS FERRO COUSELO	5520	F	AP
ED.C99.40.302.36560.012	LIMPADOR	IES A GUÍA (VIGO)	5520	F	AP

P

— .

Xt bPPt = b C. Xb Pb= b bP q - C=

P           C                              P

P



d      **g**    dP      **P**      d    d    B    **g**    ZB      **Z9/PBP9**    ZB      ZB    P      d    d ,B  
 P      B    dZ    **PBP9**    v      BP9      vd 9    B    d    9 d    **g**BZd

P                  P                  b                  m

G

7

Z

1    C1      1      C1      C      C    C

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CENTRO	liña	tipo	grupo
ED.C99.40.201.27001.012	LIMPADOR 1/2 XORNADA	CIFP AS MERCEDES (LUGO)	5574	F	AP
ED.C99.40.203.27001.016	LIMPADOR 1/2 XORNADA	CIFP POLITÉCNICO (LUGO)	5574	F	AP
ED.C99.40.305.32001.008	LIMPADOR/A	IES XESÚS FERRO COUSELO	5520	F	AP
ED.C99.40.302.36560.012	LIMPADOR	IES A GUÍA (VIGO)	5520	F	AP

Z

1    C1      1      C1      C      C    C

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CENTRO	liña	tipo	grupo
ED.C99.40.201.27001.012	LIMPADOR/A	CIFP AS MERCEDES (LUGO)	5520	F	AP
ED.C99.40.305.32001.008	LIMPADOR/A	IES XESÚS FERRO COUSELO	5520	F	AP
ED.C99.40.302.36560.012	LIMPADOR/A	IES A GUÍA (VIGO)	5520	F	AP

P

Xt bPPt = b C. Xb Pb=      b    bP      q    - C=  
 P        C                      P  
 P



O 16/01/2024 tivo entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (en diante DXSA) un escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no que se solicitaba o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) do devandito departamento.

A dita solicitude acompañábase da seguinte documentación:

- Memoria funcional
- Memoria económica
- Relación de amortizacions, creacions e modificacions
- Listaxe de equivalencias de persoal funcionario
- Listaxe de equivalencias de persoal laboral
- Actas das xuntanzas coas organizacións sindicais
- Resposta ás alegacions das organizacións sindicais

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e con base nas competencias que lle confire o artigo 25 apartado 2.F.a) do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSA emite o seguinte

## INFORME

**PRIMEIRO.** A modificación proposta ten por obxecto actualizar a relación de postos de traballo da consellería creando postos de traballo necesarios, amortizando postos prescindibles atendendo os rateos establecidos e son innecesarios nas novas circunstancias e modificando un posto para adaptalo ás novas necesidades e as características actuais dos centros.





**SEGUNDO.** A normativa aplicada para a proposta de modificación de RPT obxecto deste informe é a seguinte:

- Circular do 6 de xuño de 1994 sobre rareos de persoal non docente nos centros de educación secundaria, formación profesional e ensinanzas artísticas e musicais.
- Artigo 74 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.
- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería (Consellería de Cultura, Educación e Universidade) nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

**TERCEIRO.** A proposta de modificación de RPT que se somete ao informe da DXSA, en síntese, consiste no seguinte:

- a) Creación de 32 postos de traballo, 28 deles sen dotación orzamentaria e 4 con dotación orzamentaria.
- b) Amortización de 28 postos de traballo.
- c) Modificación dun posto de traballo.

**CUARTO.** As cuestiós que ocupan a proposta que se informa son as seguintes:

- a) Creación de 16 postos de traballo de persoal laboral e 16 postos de traballo de persoal funcionario:





## ➤ Xefatura Territorial da Coruña

Creación de seis postos de traballo de persoal laboral e tres postos de traballo de persoal funcionario con dotación orzamentaria:

CENTRO DE DESTINO: XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA							
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CENTRO	Liña	Tipo	Grupo	Nivel/Cat	CUSTO 2024
